

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, convocadas pola Orde do 12 de febreiro de 2009.

A Orde do 12 de febreiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca (DOG nº 36, do 20 de febreiro), establece no seu artigo 3º o importe da contía máxima das axudas que ao abeiro dela poderán ser concedidas aos seus solicitantes.

Unha vez revisados os expedientes presentados ao amparo da devandita orde, comprobouse que o importe total solicitado destas axudas superaba a existencia de crédito, o que faría imposible atender a demanda da totalidade das solicitudes presentadas.

Non obstante, e como consecuencia de que con posterioridade á publicación da orde foi aprobada unha incorporación de crédito, o importe inicialmente dotado pode ser incrementado, o que permitiría facer chegar as axudas a un maior número de beneficiarios.

Tendo en conta o indicado no artigo 3º da Orde do 12 de febreiro de 2009, o crédito inicial poderá ser ampliado en función da dispoñibilidade orzamentaria sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Considerando todo o dito anteriormente, cómpre ampliar o importe da contía máxima das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 12 de febreiro de 2009, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe da contía máxima das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 12 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro) na forma seguinte:

a) Para o exercicio orzamentario 2009 ampliarase o importe na cantidade de 13.000.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 50.02.723A.771.1, que

figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

b) Para expedientes de gasto que sexan executados en varias anualidades, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para a anualidade no ano 2012 ampliarase o importe na cantidade de 500.000 €. A aplicación orzamentaria correspondente será a 50.02.723A.771.1.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se convoca e se regula a reposición do programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2009/2010.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE do 4 de xullo) establece, no seu artigo 1, que todos os españois teñen dereito a unha educación que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria rematou a implantación do programa de gratuidade de libros de texto no curso 2007/2008, cumprindo así o compromiso adquirido no ano 2003.

Non obstante, á vista da conxuntura económica actual, resulta necesario facer unha reforma do vixente sistema de gratuidade, de xeito que se beneficien deste as familias con menos recursos. Neste sentido, e en consonancia coa política de austeridade do Goberno da Xunta de Galicia, para 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria, así como para educación especial, establecerase unha convocatoria de axudas dirixidas ás familias en función da súa renda.

Esta medida adóptase neste curso tendo en conta que, de acordo co Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da Lei orgánica de educación, no curso escolar 2009/2010 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes a 5º e 6º de educación primaria e que, polo tanto, é preciso a substitución dos libros.

Por outro lado, todos os anos se procede á reposición total de 1º e 2º de educación primaria e os libros de texto ou materiais equivalentes do alumnado de educación especial, escolarizado en centros específicos ou ordinarios. De aí que se decida aplicar este cambio tamén nestes cursos e ensinanzas.

Non obstante, naqueles cursos en que non transcorron catros anos desde a súa implantación, e coa finalidade de optimizar os recursos existentes, continuarase co actual sistema de cesión de uso para o que é preciso proceder á reposición dos libros de 3º e 4º curso de primaria e dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria.

Segundo o indicado con anterioridade, esta consellería dispón a continuación da reposición do programa de gratuidade de libros de texto nos cursos citados, a través do réxime de cesión de uso, de acordo coas disponibilidades orzamentarias, e con criterios educativos e de organización que permitan un axeitado funcionamento deste servizo educativo.

Tendo en conta a liberdade dos pais, nais ou titores para a elección de centro e a dos centros docentes para a elección dos libros de texto, así como a experiencia na xestión de anos anteriores, nesta convocatoria de reposición a totalidade do proceso realízase a través dos centros onde se escolarice o alumnado.

En exercicio das competencias atribuídas no Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 24 de xuño de 2009),

DISPOÑO:

Primeiro.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por finalidade regular a reposición do programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares que se desenvolverá no curso escolar 2009/2010.

2. O programa de gratuidade ten como obxectivo facilitar ao alumnado a utilización dos libros de texto existentes nos centros.

3. O programa de gratuidade será de aplicación a todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para que faciliten ao alumnado dos citados cursos, mediante o sistema de cesión de uso, os libros de texto das áreas que curse cada alumno ou alumna e de acordo coa relación de libros de texto incluídos no programa de gratuidade.

4. Non se inclúen neste programa aqueles libros que, por diversas circunstancias, non poidan ser reutilizados polo alumnado durante catro cursos escolares, nin outros materiais de uso persoal tales como cadernos de idiomas, cadernos de exercicios ou libros en que se escriba, pinte ou recorte.

Tampouco poderán adquirirse con cargo ao programa dicionarios, atlas, libros de titoría e outros materiais similares.

5. Os centros educativos que optasen por substituír a adquisición dos libros de texto para unha ou varias áreas por materiais curriculares elaborados polo correspondente departamento do centro, poderán proceder á reposición destes por deterioración e incremento dentro dos límites máximos fixados no artigo sexto desta orde. O importe destinado a esta actuación deberá acreditarse mediante factura que quedará arquivada no centro.

Segundo.-*Beneficiarios.*

Será beneficiario do programa todo o alumnado que curse 3º de educación primaria, 4º de educación primaria ou calquera dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no artigo terceiro desta orde.

A participación do alumnado no programa ten carácter voluntario. A aceptación da participación seguindo os compromisos adquiridos nesta convocatoria será asinada polo pai, nai ou titor/a do alumno/a seguindo o anexo V.

Terceiro.-*Actuacións no curso escolar 2009/2010.*

No curso escolar 2009/2010 levarase a cabo a reposición por incremento do alumnado ou por deterioración dos libros de texto en 3º e 4º de educación primaria e nos catro cursos de educación secundaria obrigatoria.

Cuarto.-*Adhesión ao programa.*

Todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ou vaian impartir 3º de educación primaria, 4º de educación primaria e/ou calquera dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria no curso escolar 2009/2010 enténdense adheridos ao programa.

Quinto.-*Permanencia dos libros de texto.*

Os libros de texto ou materiais curriculares que se vaian utilizar nestes cursos no programa de gratuidade

de manterase durante o tempo que reste para cumprir o período de permanencia de catro cursos.

Sexto.-Importe máximo por alumno e curso.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará os libros de texto destes cursos nos seguintes importes máximos por alumno ou alumna acollidos ao programa e curso:

Curso	Importe máximo de reposición por deterioración dos libros	Importe máximo de reposición por incremento de alumnado/novas incorporacións
Educación primaria		
Terceiro	15 euros	150 euros
Cuarto	15 euros	150 euros
Educación secundaria obrigatoria		
Primeiro	20 euros	220 euros
Segundo	20 euros	220 euros
Terceiro	20 euros	230 euros
Cuarto	20 euros	230 euros

A limitación de reposición por deterioración será conxunta para todos os cursos, é dicir, cada centro poderá repoñer un maior importe que o previsto en calquera dos cursos sempre e cando se repoña menos noutros e a suma da reposición por deterioración de todos os cursos non supere a suma das contías establecidas no cadro anterior.

Os importes máximos por alumno ou alumna para reposición por incremento de alumnado ou para novas incorporacións, en cada curso, poderanse superar sempre e cando se compense con gastos inferiores ao máximo para outros alumnos ou alumnas do mesmo curso.

Sétimo.-Procedemento para a reposición dos libros, por deterioración destes ou por incremento de alumnado.

1. Os centros poderán repoñer por deterioración e/ou incremento os exemplares de libros de texto de 3º e 4º de educación primaria e dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria que sexan necesarios para o curso escolar 2009/2010, como consecuencia de:

a) O incremento de alumnado acollido ao programa neste nivel educativo con respecto aos acollidos no curso ou cursos anteriores. Se no curso ou cursos anteriores o centro non impartise as citadas ensinanzas ou non tivese ese nivel concertado, entenderase o curso completo como incremento de alumnado.

b) Os exemplares que, debido ao seu grao de deterioración, non poidan ser utilizados polo alumnado no curso escolar 2009/2010, sempre que esta deterioración non sexa imputable ao alumno ou alumna, coas limitacións establecidas no artigo 6º desta orde.

c) Os exemplares para o alumnado con materias pendentes, optativas que non coincidan coas do curso anterior, así como os destinados ao alumnado con necesidades educativas específicas cubriranse coas existencias de libros de que dispoña o centro e/ou coa contía asignada para reposición por deterioración dos libros. Só se non se poden cubrir as necesidades do xeito anterior poderanse incluír como reposición por incremento de alumnado, imputando ao programa uni-

camente o importe das facturas dos libros que sexan precisos.

2. Os exemplares de reposición por deterioración e de reposición por incremento serán adquiridos pola dirección do centro. A tramitación realizarase de xeito separado, debendo utilizar o anexo I para reposición por deterioración dos libros e o anexo II para reposición por incremento de alumnado.

Os anexos cubriranse por triplicado, facendo constar o/s importe/s máximo/s e o número de exemplares de cada área. Un dos exemplares do anexo deberá ser devolto ao centro asinado e selado pola librería no momento da solicitude, con indicación, de ser o caso, do libro ou libros que non se inclúen por superar a contía máxima prevista na orde.

Se a librería devolve o anexo ao centro sen facer indicación expresa da exclusión dalgún libro, adquirir o compromiso de entregar todos os libros sen superar o/s importe/s máximo/s indicados no anexo.

3. Os libros para a reposición por deterioración e/ou incremento que soliciten os centros nas librerías, deberán ser adquiridos, preferentemente, en varios establecementos do concello ou comarca.

4. Os libros solicitados ata o 31 de xullo de 2009 deberán ser entregados nos centros entre o 1 e o 5 de setembro. Os libros solicitados ata o 15 de setembro serán entregados polas librerías no centro entre o 16 e o 30 deste mes. No momento de entregar os libros, cada un dos lotes debe ir acompañado dun dos dous exemplares do anexo I ou II que quedaron en posesión do libreiro. No outro exemplar, farase constar a recepción no espazo establecido para o efecto, pola persoa do centro que reciba os libros e devolverase ao libreiro.

5. O prazo para que as librerías presenten as facturas correspondentes á reposición nos centros remata o 30 de setembro de 2009.

As facturas dos libros de reposición recollerán o prezo efectivo que hai que aboar polos libros de texto, incluíndo, se é o caso, os descontos que, de acordo co establecido pola normativa vixente, puidesen realizarse sobre o prezo destes, sen que en ningún caso o prezo final, impostos engadidos, poida superar o importe máximo establecido no artigo 6º desta orde.

6. As facturas dos exemplares de reposición, os anexos I e II e calquera outra documentación que derive do disposto nesta orde, deberán quedar arquivados na secretaría do centro, á disposición dos órganos de fiscalización e control competentes.

7. As facturas expediranse a nome da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, farase constar o nome do centro que realiza a xestión da compra.

Oitavo.-Presentación da xustificación e procedemento para o aboamento do importe do programa.

1. Os centros deberán dirixir a xustificación, segundo o anexo III, á Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, edificio administrativo San Caetano, bloque II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

2. Os centros concertados poderán presentar a citada documentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro). Se a solicitude fose remitida por correo certificado, presentárase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos.

3. Para os efectos de cómputo de prazos os rexistros dos centros docentes non son válidos, de conformidade co disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán (DOG do 24 de xuño).

4. Os centros dispoñen de prazo ata o 31 de outubro para presentar a citada xustificación.

5. Unha vez presentada a xustificación, e sempre coas limitacións dos importes máximos previstos no artigo 6º desta orde, a consellería ingresarálle o importe da adquisición dos libros de texto. Os centros educativos, unha vez que reciban os importes para este programa procederán, no prazo máximo de 10 días hábiles, ao aboamento das facturas ás librarías.

6. No caso de que por erro se xustifique un importe inferior ao real, o centro deberá cubrir unha corrección ao anexo III, e a consellería asignará un pagamento complementario. Se por erro se xustificase un importe superior ao real o centro deberá cubrir igualmente unha corrección ao anexo III e reintegrar o importe sobranante na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia nº 2091-0300-47-3110063172, facendo constar no concepto «Devolución programa de gratuidade libros de texto 2009/2010», e xuntar copia compulsada da corrección da operación coa xustificación.

Noveno.-Incorporación de novo alumnado ao longo do curso.

A adquisición dos libros de texto para a incorporación ao centro de novo alumnado que se acolla ao programa, en calquera dos cursos obxecto desta orde, unha vez presentada a xustificación inicial (anexo III), será tramitada pola dirección do centro empregando o anexo II por triplicado, facendo constar o número de exemplares de cada área e o importe máximo. Un dos exemplares do anexo II deberá ser devolto ao centro asinado e selado pola librería no momento da solicitude, con indicación, de ser o caso, do libro ou libros que non se inclúen por superar o importe máximo previsto na orde.

Se a librería devolve o anexo ao centro sen facer indicación expresa da exclusión dalgún libro, adquire o compromiso de entregar todos os libros sen superar os importes máximos indicados no anexo.

O prazo para a incorporación de novo alumnado ao programa remata o 31 de marzo de 2010.

No momento en que o libreiro entregue os libros cada un dos lotes debe ir acompañado dun dos dous exemplares do anexo II que quedaron en posesión do libreiro. No outro exemplar, farase constar a recepción no espazo establecido para o efecto, pola persoa do centro que reciba os libros e devolverse ao libreiro.

Os centros xustificarán os gastos dos libros das novas incorporacións, mediante o anexo IV desta orde e, unha vez que reciban os importes para o pagamento dos libros correspondentes as novas incorporacións de alumnado, procederán, no prazo máximo de 10 días hábiles, ao aboamento das facturas ás librarías.

No caso de que por erro se xustifique un importe inferior ao real, o centro deberá cubrir unha corrección ao anexo IV, e a consellería asignará un pagamento complementario. Se por erro se xustificase un importe superior ao real o centro deberá cubrir igualmente unha corrección ao anexo IV e reintegrar o importe sobranante na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia nº 2091-0300-47-3110063172, facendo constar no concepto «Devolución programa de gratuidade libros de texto 2009/2010», e xuntar copia compulsada da corrección da operación coa xustificación.

Décimo.-Alumnado con necesidades educativas específicas.

Co obxecto de incluír no programa de gratuidade o alumnado que, estando matriculado nun curso obxecto desta orde, presenta necesidades educativas específicas, poderán adquirirse con cargo a este programa os libros de texto que utilice este alumnado, aínda que non se correspondan cos aprobados polo órgano competente do centro para o citado nivel educativo, logo de informe motivado ao respecto do departamento de orientación ou órgano equivalente dos centros privados concertados, que quedará arquivado na secretaría do centro xunto co resto da documentación do programa. Deberanse ter en conta os límites por alumno ou alumna e curso no que estea matriculado/a establecidos no artigo 6º desta orde. Nestes casos procederase segundo se indica no artigo sétimo, punto 1.c).

O alumnado de centros específicos de educación especial, así como o que, estando escolarizado en centros ordinarios non estea matriculado en 3º de educación primaria, 4º de educación primaria ou en calquera dos catro cursos da ESO, non está incluído dentro do ámbito desta orde de convocatoria.

Décimo primeiro.-Da conservación dos libros.

1. O centro ao recibir os libros de texto procederá ao seu inventario, debendo ser convenientemente identificados e conservados, podendo dispoñer deles o alumnado en réxime de cesión de uso.

2. Concluído o período lectivo os libros de texto serán reintegrados e depositados polo alumnado nos centros, coa finalidade de seren revisados e determi-

nar o seu grao de conservación e a súa posible reutilización durante o curso seguinte, segundo o procedemento establecido polo centro. Non obstante, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que estea pendente da realización dos exames de setembro ten de prazo ata o día 8 dese mes para devolver os libros.

3. Se ao longo do curso escolar un alumno ou alumna dos cursos obxecto desta orde se traslada de centro deberá devolver ao centro de orixe os libros de texto. Unha vez que se incorpore ao novo centro, a dirección do centro de destino, despois de comprobar que o alumno ou alumna devolveu os libros de texto no centro de orixe, facilitaralle o lote de libros que se utiliza no novo centro é, de non dispor de todos ou parte dos libros, tramitará a adquisición dos exemplares ou do lote completo, segundo o procedemento previsto no artigo noveno desta orde para novas incorporacións.

4. O alumnado quedará obrigado a conservar en bo estado os libros de texto entregados e a devolverlos ao centro ao finalizar o período lectivo. Se os libros están estragados e a deterioración é imputable ao alumno ou alumna, o centro requirirá aos pais, nais ou tutores para que os repoñan. De non repoñerse voluntariamente, poderá dar lugar á exclusión do programa ou da correspondente bolsa ou axuda no/s curso/s seguinte/s.

Décimo segundo.-*Información sobre o programa.*

1. Esta orde, así como toda a información relativa ao programa poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo <http://www.edu.xunta.es>, na epígrafe de gratuidade de libros de texto. Tamén se poderán descargar os anexos I e II en formato PDF.

2. Os anexos III e IV, así como as súas posibles correccións, deberán ser cubertos nesta páxina, mediante a aplicación informática Xadelibros deseñada pola consellería para estes efectos, que estará dispoñible a partir do 1 de setembro de 2009, e á que se poderá acceder co nome de usuario e contrasinal do correo electrónico de edu.xunta.es do director ou do secretario. Esta aplicación permitirá introducir os datos necesarios e a impresión dos anexos que deberán ser asinados polo director e selados para seren enviados por correo postal á consellería.

Décimo terceiro.-*Financiamento do programa.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará o programa con cargo á aplicación orzamentaria 45.05.423A.628.2 por importe total de 2.900.000 euros para o ano 2009 e na contía de 300.000 euros para 2010. O programa está cofinanciado polo Ministerio de Educación.

2. O importe do ano 2009 poderá incrementarse, antes da resolución de concesión, cos importes remanentes do programa de gratuidade de libros de texto do curso 2008/2009, unha vez que se conclúa a súa

execución e se peche este e/ou se formalicen outras achegas do Ministerio de Educación para esta mesma finalidade, e así se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Non obstante, dado o carácter universal da axuda, se o orzamento anterior non fose suficiente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as medidas necesarias para garantir a gratuidade dos libros para todo o alumnado acollido ao programa, dentro das dispoñibilidades orzamentarias e os límites establecidos por alumno ou alumna e curso nesta orde.

Décimo cuarto.-*Recursos.*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Disposición adicional

Constitución da comisión de seguimento.

Cada centro educativo incorporará ao seu regulamento de réxime interior os criterios básicos para o funcionamento deste programa. Así mesmo, no seo do Consello Escolar de cada centro constituirase unha comisión de seguimento, integrada por representantes de distintos sectores da comunidade educativa, coa finalidade de coordinar todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento do programa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Atribúese ao director do centro docente e ao seu equipo directivo, no ámbito das súas competencias, as funcións e responsabilidades propias da prestación do programa de gratuidade de libros de texto para que se estenda ao alumnado.

Segunda.-Autorízase o titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar todos os actos e medidas necesarias para a aplicación do establecido nesta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2009.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO CURSO ESCOLAR 2009/2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED330A	DOCUMENTO REPOSICIÓN POR DETERIORACIÓN DOS LIBROS DE TEXTO
--	---	--

DATOS DO CENTRO

DON/DONA		DIRECTOR/A DO CENTRO			
CÓDIGO DO CENTRO		ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

CERTIFICACIÓN

Certifica que os datos indicados a continuación coinciden coa matrícula do centro e co alumnado accollido ao programa de gratuidade de libros de texto, que os libros que se inclúen neste anexo son os necesarios para a reposición por deterioración que non se poden cubrir coas existencias das que dispón o centro e que os libros coinciden cos aprobados polo órgano competente deste centro.

IMPORTES MÁXIMOS (Indique o alumnado matriculado e accollido, excluindo o que faga constar como reposición por incremento no anexo II)

CURSO	Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS	a) Nº DE ALUMNOS ACOLLIDOS	b) IMPORTE MÁXIMO POR ALUMNO ACOLLIDO	IMPORTE MÁXIMO POR CURSO (*) (a x b)
3º de educación primaria			15 €	0
4º de educación primaria			15 €	0
1º de ESO			20 €	0
2º de ESO			20 €	0
3º de ESO			20 €	0
4º de ESO			20 €	0
			Importe máximo (IVE engadido)	0

(*) Permite a compensación entre distintos cursos

LIBROS DE TEXTO

Nº de exemplares	Curso	Área	Título	Autor/es	Editorial	ISBN	Ano de publicación	(1)
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>

(1) No caso de que o importe máximo indicado polo centro, calculado segundo o previsto no punto sexto da orde de convocatoria, non fose suficiente para incluír todos os libros de texto relacionados no anexo, no momento da solicitude a librería indicará cun "X" o libro ou libros que non se incluírán na factura. Se a librería devolve o anexo ao centro sen facer indicación expresa da exclusión dalgun libro, adquire o compromiso de entregar os libros no importe máximo indicado.

Lugar, data, sinatura e selo do centro
 _____, de _____ de _____

O director

Asdo.:

DENOMINACIÓN		NIF/CIF
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO
Coa sinatura deste anexo a librería acepta as condicións e compromisos establecidos no programa de gratuidade de libros de texto para o curso 2009/2010. Lugar, data, sinatura e selo		
_____, de _____ de _____		
Asdo.:		

RECEPCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO
Recibín
Lugar, data, sinatura e selo
_____, de _____ de _____
Asdo.:

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO - CURSO ESCOLAR 2009/2010	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN
--	-----------------------------------

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN: **ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2009**

DATOS DO CENTRO

DON/DONA			
DIRECTORA/A DO CENTRO			
CÓDIGO DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO

CERTIFICACIÓN

Certifico que os datos indicados a continuación coinciden coa matrícula do centro no nivel educativo que se indica e co alumnado acollido ao programa de gratuidade de libros de texto durante o curso 2009/2010, e que figuran debidamente arquivados no centro os anexos I e/ou II, as facturas e os xustificantes de pagamento, así como o resto da documentación requirida pola orde de convocatoria. Así mesmo, certifico que as necesidades de reposición de libros son as que se indican a seguir e **coinciden cos anexos mencionados**.

	Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS	a) Nº DE ALUMNOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA	b) IMPORTE MÁXIMO POR ALUMNO ACOLLIDO	IMPORTE MÁXIMO (a x b)	IMPORTE DAS FACTURAS	IMPORTE QUE ABOARÁ A CONSELLERÍA (*)
REPOSICIÓN POR DETERIORACIÓN DOS LIBROS						
3º DE PRIMARIA			15 €			
4º DE PRIMARIA			15 €			
1º DE ESO			20 €			
2º DE ESO			20 €			
3º DE ESO			20 €			
4º DE ESO			20 €			
1. SUMA DA REPOSICIÓN POR DETERIORACIÓN						
REPOSICIÓN POR INCREMENTO DE ALUMNADO ACOLLIDO AO PROGRAMA CON RESPECTO AO/S CURSO/S ANTERIOR/ES						
3º DE PRIMARIA			150 €			
4º DE PRIMARIA			150 €			
1º DE ESO			220 €			
2º DE ESO			220 €			
3º DE ESO			230 €			
4º DE ESO			230 €			
2. SUMA DA REPOSICIÓN POR INCREMENTO DE ALUMNADO						
IMPORTE TOTAL PARA ABOAR POLA CONSELLERÍA (1+2)						

* Teña en conta que, de acordo coas limitacións establecidas no artigo 6º da orde de convocatoria, non se lle aboará un importe superior ao «Importe máximo», en cada unha das epígrafes. Para a reposición por deterioración a limitación é conxunta para todos os cursos.

Os centros privados concertados asinan este anexo e asumen todas as obrigas e compromisos establecidos nesta orde, e a consellería acepta esta sinatura.

LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

_____, ____ de _____ de 20____
O DIRECTOR

Asdo.: _____

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
Edificio administrativo San Caetano, bloque II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO CURSO ESCOLAR 2009/2010	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN DE NOVAS INCORPORACIÓNS
--	---

PRAZO PARA AS NOVAS INCORPORACIÓNS: ATA O 31 DE MARZO DE 2010

DATOS DO CENTRO

DON/DONA			
DIRECTOR/A DO CENTRO			
CÓDIGO DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO

CERTIFICACIÓN

Certifico que os datos indicados a continuación coinciden co alumnado de nova matrícula no centro e incorporado ao programa de gratuidade de libros de texto durante o curso 2009/2010, e que quedarán debidamente arquivados no centro as facturas, os xustificantes de pagamento, así como o resto da documentación requirida pola orde de convocatoria.

	Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS	a) Nº DE ALUMNOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA	b) IMPORTE MÁXIMO POR ALUMNO ACOLLIDO	IMPORTE MÁXIMO (a x b)	IMPORTE DAS FACTURAS	IMPORTE QUE ABOARÁ A CONSELLERÍA (*)
REPOSICIÓN POR NOVAS INCORPORACIÓNS QUE SUPOÑAN INCREMENTO DE ALUMNADO CON RESPECTO Á XUSTIFICACIÓN INICIAL E QUE NON SE POIDAN CUBRIR COAS EXISTENCIAS DE LIBROS DE TEXTO DE QUE DISPOÑA O CENTRO						
3º DE PRIMARIA			150 €			
4º DE PRIMARIA			150 €			
1º DE ESO			220 €			
2º DE ESO			220 €			
3º DE ESO			230 €			
4º DE ESO			230 €			
IMPORTE TOTAL PARA ABOAR POLA CONSELLERÍA						
(*) Teña en conta que, de acordo coas limitacións establecidas no artigo 6º da orde de convocatoria, non se aboarán importes superiores aos da columna «Importe máximo», en cada unha das epígrafes.						

Os centros privados concertados asinan este anexo e asumen todas as obrigas e compromisos establecidos nesta orde, e a consellería acepta esta sinatura.

LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

_____, ____ de _____ de 20__

O DIRECTOR

Asdo.: _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO V

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO CURSO ESCOLAR 2009/2010	DOCUMENTO ACEPTACIÓN DA CONDICIÓNS DO PROGRAMA DE GRATUIDADE E COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO
--	---

CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO O/A ALUMNO/A:
(Sinale cun "X" o que proceda)

<input type="checkbox"/> 3º de educación primaria	<input type="checkbox"/> 1º de ESO
<input type="checkbox"/> 4º de educación primaria	<input type="checkbox"/> 2º de ESO
	<input type="checkbox"/> 3º de ESO
	<input type="checkbox"/> 4º de ESO

DATOS DO PAI/NAI/TITOR DO ALUMNO/A

DON/DONA <input type="text"/>	PAI/NAI/TITOR DO/A ALUMNO/A <input type="text"/>
DO CENTRO <input type="text"/>	
PROVINCIA DE <input type="text"/>	DO CONCELLO DE <input type="text"/>

COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO

<p>1º) Acepta as condicións establecidas no programa de gratuidade de libros de texto para o curso 2009/2010.</p> <p>2º) Comprométese a devolver os libros ao remate do curso escolar.</p>
<p>LUGAR, DATA E SINATURA DO PAI/NAI/TITOR</p> <p>_____, de _____ de _____</p>
Asdo.:

Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se convocan bolsas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2009/2010.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE do 4 de xullo) establece, no seu artigo 1, que todos os españois teñen dereito a unha educación que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de xullo) establece no seu artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuïto para todas as persoas. Así mesmo, no seu artigo 83 recolle o establecemento de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Unha vez implantado o programa de gratuidade de libros de texto en todo o ensino obrigatorio, cómpre